



**ACTA DO 2º EXERCICIO (PROBA PRÁCTICA) DA FASE DE OPOSICIÓN**

En A Ribeira de Piquín (Lugo), a 22 de maio de 2026.

Reunidos na Antiga Escola de A Ribeira de Piquín, ás 8:45 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para a realización e valoración do segundo exercicio práctico da fase de oposición (proba práctica), entre os/as aspirantes incluídos/as na lista definitiva de admitidos/as do proceso de selección, para a cobertura en propiedade dunha praza de Técnico/a de Proxectos, como persoal laboral fixo, correspondente á oferta de emprego público para o ano 2025 da Fundación municipal "TerrEo" (Lugo), segundo convocatoria e bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2026/028, de data 9 de marzo de 2026, publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 65, do 21/03/2026, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 60, do 31/03/2026, e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, do 3/04/2026, polo que respecta á publicidade da convocatoria.

Vista a Resolución da Presidencia núm. 2026/062, do 8/05/2026, rectificada por Resolución da Presidencia núm. 2026/066, do 11/05/2026, mediante a que se acorda nomear o Tribunal cualificador para o proceso selectivo indicado e convocar ó Tribunal de valoración para a realización e avaliación da proba práctica (segundo exercicio) da fase de oposición, para o venres 22/05/2026, ás 9:00 horas.

1) Ás 8:45 horas, na Antiga Escola de A Ribeira de Piquín (Lugo), reúnese o órgano de selección, coa asistencia que se indica:

<b>Presidente</b>	D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).
<b>Secretaria</b>	Dna. María del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación Municipal "TerrEo" (Lugo)
<b>Vogais</b>	Dna. María Soledad Barreiro Rodríguez, Enxeñeira Agrónoma do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo, pertencente á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
	Dna. María Nerea Fernández Canto, Doutora-Enxeñeira Agrónoma da Oficina Agraria Comarcal de A Fonsagrada, pertencente á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
	D. Francisco José Ónega López, Enxeñeiro Agrónomo e Investigador do Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela.

Vista a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó citado proceso selectivo, aprobada por Resolución da Presidencia núm. 2026/062, do 8/05/2026, rectificada por Resolución da Presidencia núm. 2026/066, do 11/05/2026, e publicada no BOP de Lugo núm. 106, do 12/05/2026.

Vista a base 7ª das bases reguladoras do citado proceso selectivo, en relación co sistema de selección e desenvolvemento do proceso, onde se indica:

**"PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

*O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:*



- Oposición.
- Concurso.

.....  
.....

**FASE DE OPOSICIÓN:**

*A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.*

*Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.*

*En calquera momento, o Tribunal poderá requiririlles aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.*

*Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.*

*Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.*

*Os exercicios das probas serán obrigatorios e eliminatorios, cualificándose ata un máximo de 40 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 20 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.*

*Os exercicios da oposición serán os seguintes:*

.....  
.....



**B) SEGUNDO EXERCICIO:** *Práctico, obrigatorio e eliminatorio.*

*Consistirá na realización por escrito dun exercicio de carácter práctico proposto polo Tribunal sobre as funcións ou tarefas do posto e en relación ao temario (específico) do Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 90 minutos.*

*Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas aspirantes non poderán neste exame facer uso de lexislación, doutrina ou calquera outro material de apoio."*

2) Ás 9:00 horas, na Antiga Escola de A Ribeira de Piquín (Lugo), cítanse ás persoas aspirantes que superasen o primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, ao efecto de proceder á realización do segundo exercicio de carácter práctico (proba práctica), que amosa o seguinte resultado:

DNI	APELIDOS E NOME	SEGUNDO EXERCICIO: EXAME PRÁCTICO
***7974**	Fernández Labrada, Miguel	15,50

3) Á vista das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición e da suma dos méritos da fase de concurso, o resultado do proceso selectivo é o seguinte:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
FERNÁNDEZ LABRADA, MIGUEL	***7974**	3,41	12,25	15,50	31,16

4) Visto o resultado do proceso selectivo, o Tribunal cualificador propón como aprobado, por obter a máxima puntuación de tódolos aspirantes, xa que o número de aprobados non pode superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo, ó seguinte aspirante:

Fernández Labrada, Miguel

E eleva ao Sr. Presidente da Fundación municipal "TerrEo" proposta do seu nomeamento como traballador desta Entidade.

Acórdase, por unanimidade dos membros do tribunal presentes, abrir un prazo de alegacións contra estas valoracións de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación dos presentes resultados no Taboleiro de anuncios da Fundación municipal "TerrEo" e na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín ([www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es)), rematando o prazo o 27/05/2026. No caso de existir algunha/s alegación/s, o tribunal de valoración queda automaticamente convocado, de xeito telemático, para a resolución destas/s o 29/05/2026.

E para a debida constancia de todo o actuado, esténdese a presente acta, por duplicado exemplar, en A Ribeira de Piquín (Lugo), a 22 de maio de 2026, asinándose por tódolos membros do tribunal de selección.

JUAN HERNANDO ROSA RUÍZ

M<sup>a</sup> SOLEDAD BARREIRO RODRÍGUEZ



M<sup>a</sup> DEL PILAR TELLA MAZOY

M<sup>a</sup> NEREA FERNÁNDEZ CANTO

FRANCISCO JOSÉ ÓNEGA LÓPEZ